



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO
CELEBRADA O DÍA 6 DE SETEMBRO DE 2006.**

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. MARCOS BLANCO JORGE

Concelleiros/as:

D. JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ
(PSOE)

D^a. MANUELA IGLESIAS
COLLARTE (PSOE)

D. CONSTANTINO AREDA VIDAL
(PSOE)

D. JAVIER IGLESIAS SENDÍN
(PSOE)

D. FRANCISCO XABIER CARREIRA
SEBIO (BNG)

D^a LUISA DEL CARMEN
ESCUDERO CENTRÓN (BNG)

D. CELSO SOTELO BARROSO (PP)

D. BRAULIO EXPÓSITO SOBRINO
(PP)

D. JULIO DABARCA CUIÑAS (PP)

D^a MARÍA MARTÍNEZ ABAL (PP)

D. CARLOS A. PINAL HERMIDA
(PP)

NON ASISTE D. SECUNDINO
RODRÍGUEZ GÓMEZ (PP)

Secretario Xeral:

Vicente Soto Rodríguez

Interventor:

Vicente Soto Rodríguez

No Salón de sesións da Casa do Concello de Ribadavia, sendo as 13:30 horas do día SEIS DE SETEMBRO de 2006 reúnese en sesión extraordinaria e urxente, e en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, coa asistencia dos Sres./as. Concelleiros/as relacionados na marxe, actuando como Secretario, Vicente Soto Rodríguez, asistindo o responsable do departamento de Intervención, Vicente Soto Rodríguez.

Comprobada a existencia de quórum suficiente para a válida celebración da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese ao análise dos puntos da orde do día.

1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA CON CARÁCTER PREVIO Á CELEBRACIÓN DA SESIÓN.

Intervén o Sr. Alcalde, para explicar a urxencia da sesión, sinalado que ven determinada pola acordos a adoptar para acollerse a Orde da Consellería para a adquisición de vehículos contra-incendios e salvamento para Concellos de menos de 20.000 habitantes; en canto a aprobación definitiva do P.E.P.R.I. sinala que a urxencia ven determinada polo feito de tratar de axilizar os trámites.

De seguido procédese á votación, quedando ratificada por unanimidade dos presentes a urxencia da sesión.

2.- ADOPCION DE ACORDOS RELATIVOS A ORDE DO 31 DE XULLO DE 2006 POLA QUE SE REGULA O REXIME DE AXUDAS AS CORPORACIONES LOCAIS PARA A ADQUISICION DE VEHICULOS CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO EN CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES. RETIRADA DO CONCELLO DE RIBADAVIA DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO RIBEIRO.

Pola Presidencia concédese a palabra ao Secretario que procede á lectura da proposta da Alcaldía que literalmente di:

“DON MARCOS BLANCO JORGE, Alcalde-Presidente do Ilmo. Concello de Ribadavia, en relación coa Orde do 31 de xullo de 2006, polo que se regula o réxime de axudas as Corporacións locais para a adquisición de vehículos contra incendios e salvamento en Concellos de menos de 20.000 habitantes, ten a ben, propoñer o Pleno, a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- O Concello de Ribadavia comprométese a realizar a adquisición dos vehículos, achegando o Concello o 25% do seu custo.

SEGUNDO.- O Concello de Ribadavia comprométese a dispoñer de persoal permanente para o uso do vehículo, caso de ser necesaria a súa intervención.

TERCEIRO.- O Concello de Ribadavia comprométese a asunción dos custos de mantemento, seguros e inspección técnicas durante o periodo de vida útil do vehículo.

CUARTO.- O Concello de Ribadavia comprométese a contraer antes do 1 de decembro de 2006 a obriga orzamentaria do gasto total necesario para a adquisición do vehículo. Ribadavia, 4 de setembro de 2006”.-

Intervén Don Francisco Xabier Carreira Sebio, voceiro do grupo municipal do B.N.G., para sinalar que dito vehículo xa debería estar fai tempo no Concello; di que

tratarán de obter financiación a través da Deputación, xa que dito organismo ten sufragado a adquisición doutros vehículos para diversos Concellos. Finaliza a súa intervención dicindo que nos vindeiros presuposto haberá que facer un esforzo xa que haberá que contratar persoal cualificado para o manexo destes vehículos.

Intervén Don Celso Sotelo Barroso, voceiro do grupo municipal do P.P., para dicir que o vehículo é necesario, se ben non esta de acordo en que o Concello teña que poñer o 25% do custo do mesmo; di que dado que Ribadavia pertence o Consorcio de bombeiros de Ribadavia-Carballiño, debería ser iste organismo o que sufragase o custo para despois cederllo o Concello de Ribadavia.

Intervén Don José Ignacio Gómez Pérez, voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., para sinalar a necesidade do vehículo e para indicar que o obxecto da Orde ven encamiñada a Concellos de menos de 20.000 habitantes e con Plano de Emerxencias aprobado ou en trámite, requisitos que non cumpre o Consorcio de bombeiros; pensa que a Deputación debe colaborar o igual que colabora con outros Concellos, de feito no seu momento xa había un compromiso da Deputación de aportar o 20%.

Intervén o Sr. Alcalde, para puntualizar que a Orde está destinada a Concellos ou Mancomundades de menos de 20.000 habitantes e que teñan Plano de emerxencias aprobado ou en fase de elaboración. Finaliza sinalando que a Deputación debería colaborar, non obstante o Concello fará as xestións oportunas para evitar poñer o 25%.

Intervén o Sr. Carreira Sebío, para solicitar que se trate o Concello de Ribadavia igual que o resto dos Concellos, indicando que a idea do Concello é adquirir tamén un vehículo motobomba.

Intervén o Sr. Sotelo Barroso, para reiterar o manifestado na súa primeira intervención, no senso de que o normal seria que o Consorcio de bombeiro contribuirá a adquisición do camiión, polo que solicita se fagan as xestións necesarias.

Intervén o Sr. Alcalde, para dicir que o Consorcio de bombeiros ten un certo retraso, polo que Ribadavia non pode esperar máis, indicando que debe ter un camiión en propiedade, así como tamén reitera que o Consorcio non pode optar a referida Orde.

De seguido dáse paso a votación, resultando aprobada por maioría absoluta a proposta transcrita, cos votos a favor do PSOE (5 votos) e do BNG (2 votos) e abstencións do P.P. (5 votos).

Intervén o Sr. Sotelo Barroso para explicar que a súa abstención ven determinada pola proposta de financiación e non pola necesidade do vehículo, o cál o consideran necesario.

3.- APROBACION DEFINITIVA DA MODIFICACION PUNTUAL DAS ORDENANZAS DO PLANO ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR DO CASCO HISTORICO DE RIBADAVIA.-

Pola Presidencia concédese a palabra ao Secretario que procede á lectura da proposta da Alcaldía que literalmente di:

**“DON MARCOS BLANCO JORGE, ALCALDE-PRESIDENTE DO
ILTMO. CONCELLO DE RIBADAVIA, ten a ben presenta-la seguinte**

M O C I O N

En relación coa tramitación do expediente relativo á Modificación Púntual das Ordenanzas do Plano Especial de Reforma Interior do Casco Histórico de Ribadavia, e unha vez informado favorablemente pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte con data 17 de xullo de 2006 e pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 31 de marzo de 2006, esta Alcaldía propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar con carácter definitivo a Modificación Púntual das Ordenanzas do Plano Especial de Reforma Interior do Casco Histórico de Ribadavia.

SEGUNDO.- Proceder á publicación da aprobación definitiva no DOGA e o texto integro da normativa no BOP, en cumprimento do disposto no artigo 92 da Lei 9/2003 de 30 de Decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia. Ribadavia, 4 de Setembro de 2006”.-

De seguido dáse paso a votación, resultando aprobada definitivamente por unanimidade dos presentes a Modificación Púntual das Ordenanzas do Plano Especial de Reforma Interior do Casco Histórico de Ribadavia.

Concluído o anterior, ás dúas do mediodía, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia rematouse a sesión no lugar e data ao principio sinalados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

